



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OEP 2020, CELEBRACIÓN DO CUARTO EXERCICIO

Sendo as 8:30 horas do día 14 de xullo de 2021, na Casa do Concello de Bergondo, xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 10 de xuño de 2021, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), o vogal, Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, polo Tribunal compróbanse os medios e as condicións para a realización do cuarto dos exercicios da oposición, regulado na base 8ª as bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021).

A continuación o Tribunal trasládase á sede da realización do cuarto exercicio da oposición, no edificio cultural A Senra (sito ao carón do CPI Cruz do Sar) do Concello de Bergondo.

As 9:00 horas, procédese ao chamanento único dos aspirantes, segundo o disposto na Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

Nº	Apelidos e Nome	DNI
1	ARES CAMPELLO, SANDRA MARÍA	***8008**
2	BELLO SÁNCHEZ, LUCÍA	***7849**
3	GARCÍA SEOANE, JOSÉ LUIS	***1805**
4	HORNILLOS LERA, LIDIA	***0320**
5	LÓPEZ RODRÍGUEZ, SANDRA	***5131**
6	PADÍN REY, JÉSSICA	***0230**
7	PARRA DÍAZ, CELIA	***8804**
8	PÉREZ VÁZQUEZ, DIGNA MONTSERRAT	***8536**
9	SOTO DE FIGUEIREDO, JENNIFER	***3082**

Polo Tribunal infórmase aos aspirantes das normas que rexerán a execución do exercicio e dáse lectura á base 8ª, cuarto exercicio das bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021):

“Cuarto exercicio:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

De carácter práctico. Consistirá en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo “Windows” e o paquete ofimático “LibreOffice” a través de exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver cun ordenador durante un período máximo de unha hora.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima”

- Deberán apagarse e guardarse os teléfonos móbiles antes de iniciar a proba

- A proba garantiza o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir un folio que se lles entregará nun sobre pequeno, no que figura un número, cos seus datos personais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, no sobre que entregarse pechado ao finalizar o exame. No exame so poden poñer o número asignado sen ningún outro tipo de marca nin dato, senón serán excluídos do proceso.

A continuación sendo as 9:10 horas comeza o exercicio dispoñendo os aspirantes dunha hora, ata as 10:10 horas para a súa execución.

Rematado o exame, o Tribunal procede á corrección do cuarto exercicio no Pcs empregados para a realización da proba. Os exames dos interesados grávanse nun pendrive para a súa incorporación ao expediente. O resultado da corrección é o seguinte, indicando código do aspirante:

CÓDIGO	APTO/NON APTO
42	APTO
59	APTO
71	APTO
85	APTO
98	APTO
101	APTO
117	APTO
123	APTO
136	APTO

A continuación trasládase o Tribunal á Casa do Concello de Bergondo retomando a sesión ás 11:00 horas; e por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. Publicar a corrección do cuarto exame no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal.

Segundo. Sinalar como hora do acto público de apertura dos sobres coa identidade dos aspirantes, **hoxe mércores 14 de xullo, ás 12:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello**, coa presenza dos membros do Tribunal asistentes á sesión.

- *Suspéndese a sesión ata a apertura pública da identidade dos aspirantes-*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sendo as 12:00 horas, no Salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, en acto público, xúntanse os integrantes do Tribunal asistentes á sesión de hoxe, consonte co acordado, ao obxecto de abrir os sobres coa identidade dos/as aspirantes presentados/as ao cuarto exercicio da oposición, co seguinte resultado:

Nº	Apelidos e Nome	CÓDIGO
1	ARES CAMPELLO, SANDRA MARÍA	101
2	BELLO SÁNCHEZ, LUCÍA	59
3	GARCÍA SEOANE, JOSÉ LUIS	136
4	HORNILLOS LERA, LIDIA	98
5	LÓPEZ RODRÍGUEZ, SANDRA	85
6	PADÍN REY, JÉSSICA	71
7	PARRA DÍAZ, CELIA	117
8	PÉREZ VÁZQUEZ, DIGNA MONTSERRAT	42
9	SOTO DE FIGUEIREDO, JENNIFER	123

Finalizadas tódalas actuacións, a suma total das puntuacións obtidas nos catro exercicios polos/as aspirantes é a seguinte por orde de puntuación de maior a menor:

Nº	Apelidos e Nome	PUNTUACIÓN FINAL
1º	SOTO DE FIGUEIREDO, JENNIFER	24,50
2º	LÓPEZ RODRÍGUEZ, SANDRA	22,05
3º	GARCÍA SEOANE, JOSÉ LUIS	21,10
4º	ARES CAMPELLO, SANDRA MARÍA	20,65
5º	BELLO SÁNCHEZ, LUCÍA	19,80
6º	PÉREZ VÁZQUEZ, DIGNA MONTSERRAT	18,60
7º	PADÍN REY, JÉSSICA	18,35
8º	PARRA DÍAZ, CELIA	18,25
9º	HORNILLOS LERA, LIDIA	17,75

Á vista das actuacións indicadas, o Tribunal por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Consonte coa previsión contida na Base 9.2 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), **declarar aprobada a dona Jennifer Soto de Figueiredo, con dni nº 54130824W**

Segundo.- Declarar que a aspirante aprobada está exenta da realización do quinto exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base 5ª.2 das Bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021).

Terceiro.- Na súa consecuencia, propoñer á alcaldía-presidencia o nomeamento como funcionaria de carreira oficial administrativa, da Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, adscrita á área de Secretaría e Administración xeral, a dona Jennifer Soto de Figueiredo, con dni nº 54130824W, segundo o disposto no artigo 7 do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; artigo 22 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e base 9ª das Bases xerais da convocatoria (BOP núm. 43 do 05.03.2021),

Cuarto.- A aspirante proposta deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de vinte (20) días naturais dende que se faga pública a relación de aprobados, os documentos indicados na Base 10ª.1 das Bases xerais da convocatoria (BOP núm. 43 do 05.03.2021).

Quinto. Dar traslado á alcaldía, para os efectos previstos na Base 13ª das Bases xerais (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), que os aspirantes que se indican a continuación e pola orde decrecente de puntuación obtida, formarán parte da bolsa de traballo por cumprir o indicado nas citadas Bases, tendo acreditado documentalmente, todos eles, no expediente, o coñecemento da lingua galega:

Nº Orde	Apelidos e Nome
1ª	LÓPEZ RODRÍGUEZ, SANDRA
2ª	GARCÍA SEOANE, JOSÉ LUIS
3ª	ARES CAMPELLO, SANDRA MARÍA
4ª	BELLO SÁNCHEZ, LUCÍA
5ª	PÉREZ VÁZQUEZ, DIGNA MONTSERRAT
6ª	PADÍN REY, JÉSSICA
7ª	PARRA DÍAZ, CELIA
8ª	HORNILLOS LERA, LIDIA

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria